

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 4º ESO
MATERIA: TIC
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA
DATA: 7 / 5 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

Tempor.	Contidos	Criteria de avaliación	Estándares de aprendizaxe imprescindibles	Grao mínimo de consecución e competencias imprescindibles
1ª avaliación	Bloque 2. Ordenadores, sistemas operativos e redes			
	<ul style="list-style-type: none"> Arquitectura dun ordenador: Compoñentes básicos e características. Funcións de configuración dos equipos informáticos. Instalación e eliminación de software de propósito xeral. Creación de grupos de persoas usuarias, adxudicación de permisos, e posta á disposición de contidos e recursos para o seu uso en redes locais baixo diferentes sistemas operativos. Conexións sen fíos e intercambios de información entre dispositivos móbiles e fixos. 	<p>B2.1 Utilizar e configurar equipos informáticos identificando os elementos que os configuran e a súa función no conxunto.</p> <p>B2.2 Xestionar a instalación e eliminación de software de propósito xeral.</p> <p>B2.3 Utilizar software de comunicación entre equipos e sistemas.</p> <p>B2.4 Coñecer a arquitectura dun ordenador, identificando os seus compoñentes básicos e describindo as súas características.</p> <p>B2.5 Analizar os elementos e sistemas que configuran a comunicación con e sen fíos.</p>	<p>TICB2.1.1 Realiza operacións básicas de organización e almacenamento da información.</p> <p>TICB2.1.2 Configura elementos básicos do sistema operativo e de accesibilidade do equipo informático.</p> <p>TICB2.2.1 Resolve problemas vinculados aos sistemas operativos e aos programas e aplicacións vinculados aos mesmos.</p> <p>TICB2.3.1 Administra o equipo con responsabilidade e coñece aplicación de comunicación entre dispositivos.</p> <p>TICB2.4.1 Analiza e coñece diversos componentes físicos dun ordenador, as súas características técnicas e a conexión entre eles.</p>	<p>Diferenzas principais entre os diferentes sistemas operativos presentes no mercado.</p> <p>Almacenamento de información en diferentes soportes e compartir a mesma con outros usuarios.</p> <p>CD CMCCT CCL</p>
	Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital			
	<ul style="list-style-type: none"> Procesos de produción de documentos con aplicacións ofimáticas e de deseño gráfico. Maquetación. Importación de imaxes e gráficos. 	<p>B3.1 Utilizar aplicacións informáticas de escritorio para a produción de documentos.</p>	<p>TICB3.1.1 Elabora e maqueta documentos de texto con aplicacións informáticas que facilitan a inclusión de táboas, imaxes, fórmulas, gráficos, así como outras posibilidades de deseño e interactúa con outras características do programa.</p>	

	<ul style="list-style-type: none"> • Formatos abertos e estándares de formato na produción de documentación. 			
2ª avaliación	Bloque 3. Organización, deseño e produción de información dixital			
	<ul style="list-style-type: none"> • Tipos de presentacións e estrutura do contido. Deseño da estrutura e de elementos gráficos adecuados para o público obxectivo. Importación de elementos multimedia, de imaxes e de gráficos. • Edición e montaxe de materiais audiovisuais a partir de fontes diversas. Captura de imaxe, de audio e de vídeo e conversión a outros formatos. • Tratamento básico da imaxe dixital. Exposición, saturación, luminosidade e contraste. Resolución e formatos. 	<p>B3.2. Elaborar contidos de imaxe, audio e vídeo e desenvolver capacidades para integralos en diversas producións.</p>	<p>TICB3.2.1 Integra elementos multimedia, imaxe e texto na elaboración de presentación adecuando o deseño e a maquetación á mensaxe e ao público obxectivo ao que vai dirixido.</p> <p>TICB3.2.2 Emprega dispositivos de captura de imaxe, audio e vídeo, mediante software específico edita a información e crea novos materiais en diversos formatos.</p>	<p>Obtención de imaxes fotográficas, aplicarles técnicas de edición dixital e diferenciais.</p> <p>Captura, edición e montaxe de fragmentos de vídeo con audio.</p> <p>Deseño de presentacións destinadas a apoiar o discurso verbal na exposición de ideas e de proxectos.</p> <p>CD CMCCT CCL CAA CSIEE CSC CCEC</p>
	Bloque 5. Publicación e difusión de contidos			
<ul style="list-style-type: none"> • Compartición de recursos en redes locais e na Internet. • Deseño de páxinas web sinxelas. • Creación e publicación na web. Estándares de publicación. • Traballo colaborativo con servizos na 	<p>B5.2. Elaborar e publicar contidos na web integrando información textual, numérica, sonora e gráfica.</p> <p>B5.3. Coñecer os estándares de publicación e empregalos na produción de</p>	<p>TICB5.2.1 Integra e organiza elementos textuais e gráficos en estruturas hipertextuais.</p> <p>TICB5.2.2 Deseña páxinas web e coñece os protocolos de publicación, baixo estándares adecuados e con respecto aos dereitos de propiedade.</p>	<p>Creación dunha páxina web sinxela</p> <p>Creación dun blogue.</p> <p>CD CMCCT CCL CAA CSIEE CSC CCEC</p>	

	nube e coas ferramentas TIC de carácter social.	páxinas web e coas ferramentas TIC de carácter social.	TICB5.3.1 Participa colaborativamente en diversas ferramentas TIC de carácter social e xestiona os propios.	
3ª avaliación	Bloque 6. Internet, redes sociais, hiperconexión			
	<ul style="list-style-type: none"> Redes sociais. Privacidade e seguridade persoal na interacción en redes sociais. 	<p>B6.2. Empregar o sentido crítico e desenvolver hábitos adecuados no uso e intercambio de información a través de redes sociais e plataformas.</p> <p>B6.3. Publicar e relacionar mediante hiperenlaces información en canles de contidos multimedia, presentacións, imaxe, audio e vídeo.</p>	<p>TICB6.2.1 Participa activamente en redes sociais con criterios de seguridade.</p> <p>TICB6.3.1 Emprega canais de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.</p>	<p>Publicación na rede dos materiais elaborados por eles mesmos.</p> <p>Respecto polos dereitos que amparan ás produción alleas</p> <p>CD CMCCT CCL CSC CCEC</p>

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realización de tarefas.
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Unha vez avaliadas as actividades de recuperación para aqueles alumnos que tivesen algunha avaliación suspensa, farase a media das dúas primeiras avaliacións, e engadiráselle un punto a esa nota se o alumno continuou traballando na terceira avaliación, entregando algunha das actividades propostas. Se o alumno amosa un grande esforzo por completar a súa formación e presenta todas as actividades propostas na terceira avaliación en prazo e acadando nelas a excelencia, engadiráselle á nota media das dúas primeiras avaliacións dous puntos.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Na proba extraordinaria de setembro, o alumno presentará un compendio de actividades seleccionadas polo profesor e acordos cos estándares mínimos antes especificados.</p>
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Non hai alumnos coa materia pendente.</p>

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<p>Actividades de recuperación Para aqueles alumnos con algunha avaliación suspensa e que non presentaron as actividades de recuperación no seu día, ou que dadas as especiais circunstancias sanitarias non tiveron a oportunidade de facer aproba de recuperación prevista na programación, estas actividades serán personalizadas e adaptadas a cada alumno, de xeito que estes terán de novo a posibilidade de presentar aquelas actividades que non entregaron ou nas que tiveron unha cualificación negativa. A nota de recuperación será de 5.</p> <p>Actividades de ampliación Tendo presente que 4º ESO é o curso co que se remata a Educación Secundaria e que moitos alumnos non continuarán estudos nos vindeiros anos senón que se incorporarán ao mercado laboral e á vida activa, parece indispensable aproveitar ao máximo estes meses de confinamento para complementar a súa formación. Por iso, propuxémoslles actividades de ampliación dos temas previstos orixinalmente na programación e correspondentes a final da segunda avaliación e a esta terceira, relacionados coas unidades didácticas “Edición de vídeo” e “Tratamento e difusión de contidos. O uso do blogue”, así como “Redes de ordenadores e Internet”.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Para traballar as actividades propostas neste período de confinamento, comezamos as unidades didácticas cunha introdución a través dun videotutorial, onde se expoñen e explican todos os contidos necesarios para o coñecemento e manexo das distintas aplicacións informáticas e a realización das actividades propostas, que poden ser guiadas ou non guiadas. Pódense convocar videoconferencias para resolver dúbidas.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Contamos con tres salas de ordenadores equipadas para que os alumnos dispoñan dun ordenador persoal de xeito individual con conexión a Internet. Asimesmo, temos un aula virtual dotada de grande cantidade de actividades guiadas e non guiadas e manuais de uso das distintas aplicacións, así como videotutoriais e enlaces a información de interese para o desenvolvemento dos contidos.</p>

3. Información e publicidade

<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</p> <p>Todos os materiais son postos á disposición do alumnado a través da aula virtual do centro, onde contan ademais de co material específico para traballar as diferentes unidades didácticas, con enlaces e referencias a outros contidos de interese.</p> <p>Por outra banda, tamén contamos como vía de comunicación aberta constantemente para trasladar información ao alumnado e recibir información deles, coa conta de correo electrónico do dominio telleiras.org, propia do noso centro e que restrinxe o intercambio de información a alumnos e profesores do centro. Tamén dispoñemos da conta de correo corporativa edu.xunta.es para comunicarnos cos alumnos e familias.</p> <p>Por último, contamos coa realización de videoconferencias cos alumnos a través da plataforma Cisco Webex.</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</p>